

# Rosalía de Castro

## UN REPOLUDO

### GAITEIRO



**UNIDADE DIDÁCTICA**  
**3º e 4º de Ed. Primaria**

**23 DE FEBREIRO, DÍA DE ROSALÍA**

**CEIP DE CARNOTA (A Coruña)**  
**CEIP DE GALÁN, DE OSEIRO-ARTEIXO (A Coruña)**  
**CEIP CIDADE VELLA, da CORUÑA**  
**CEIP CHANO PIÑEIRO, de GONDOMAR (Pontevedra)**  
**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN, da CORUÑA**  
**CEIP EUSEBIO DA GUARDA, da CORUÑA**  
**CEIP FOGAR, de CARBALLO (A Coruña)**  
**CEIP JUAN FERNÁNDEZ LATORRE, da CORUÑA**  
**CEIP PLURILINGÜE MANUEL MURGUÍA, da CORUÑA**  
**CEIP PLURILINGÜE MOSTEIRÓN, de SADA (A Coruña)**  
**CEIP PLURILINGÜE SAN PEDRO DE VISMA, da CORUÑA**  
**CEIP RAMÓN DE LA SAGRA, da CORUÑA**

# ROSALÍA DE CASTRO



Rosalía de Castro naceu o 23 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela e pasou unha infancia moi feliz coa súa nai en Padrón. Voltou, xa de moza, a Santiago a estudar música, arte e literatura e alí coñeceu a moitos escritores galegos.


Despois marchou a Madrid onde coñeceu a Manuel Murguía co que casou e tivo sete fillos.

Rosalía foi unha escritora e poetisa galega moi importante. O seu libro «*Cantares Gallegos*» era o primeiro que se escribía, despois de moitos anos, no noso idioma.

Para celebrar a publicación deste libro de poemas cada 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas e cada 23 de febreiro lembramos que ese día foi o do nacemento da nosa escritora máis importante: Rosalía de Castro.



CARICATURA DE ROSALÍA DE CASTRO REALIZADA POR D. PINTOR



CARICATURA DE MANUEL MURGUÍA, MARIDO DE ROSALÍA, REALIZADA POR SIRO LÓPEZ.

# ACTIVIDADES



1. Onde naceu Rosalía de Castro?

● \_\_\_\_\_

2. Que día?

● \_\_\_\_\_

3. Onde pasou a súa infancia?

● \_\_\_\_\_

4. Con quen viviu en Padrón cando era unha nena?

● \_\_\_\_\_

5. Como se chamaba o seu marido?

● \_\_\_\_\_

6. En que cidade o coñeceu?

● \_\_\_\_\_


7. Cantos fillos tiveron?

● \_\_\_\_\_

8. Como se titula o primeiro libro de Rosalía escrito en galego?

● \_\_\_\_\_

9. Resolve este encrucillado con datos da vida de Rosalía.







### HORIZONTAIS

1. Apelido da autora do libro «*Cantares Gallegos*».
2. Cidade española na que coñeceu ao que sería o seu marido.
3. Cidade galega na que estudou música, arte e literatura.
4. Número de fillos que tiveron Rosalía e Manuel Murguía.
5. Localidade galega na que Rosalía pasou a súa infancia.
6. Apelido de Manuel, o marido de Rosalía de Castro.
7. Mes no que naceu Rosalía.
8. Nome da escritora galega máis importante.

1. CASTRO 2. MADRID 3.-SANTIAGO 4. SETE  
5. PADRÓN 6. MURGUÍA 7. FEBREIRO 8. ROSALÍA

10. Recorta e compón o crebacabezas coa caricatura de Rosalía de Castro realizada por Siro.



11. De «*Cantares Gallegos*» fixéronse moitas edicións e con portadas variadas. Poderías ti deseñar unha portada nova?




# ROSALÍA DE CASTRO CANTARES GALLEGOS


LIBRERÍA GALI · SANTIAGO



12. De Rosalía de Castro hai moi poucas fotos e si moitas caricaturas e debuxos. Atrévete a facer unha caricatura da autora?



13. Que camiño terá que seguir Rosalía para chegar a recoller os seus libros escritos en galego? Completa as súas portadas.



**FOLLAS NOVAS**  
Rosalía de Castro

**CANTARES  
GALLEGOS**  
Rosalía de Castro

**CONTOS  
DA MIÑA  
TERRA**  
Rosalía de Castro



# UN REPOLUDO GAITEIRO



ROSALÍA DE CASTRO

*Follas Novas*

Un repoludo gaitero  
de pano sedán vestido,  
como un príncipe cumprido,  
cariñoso e falangueiro,  
entre os mozos o primeiro  
e nas soedades sen par,  
tiña costume en cantar  
aló pola mañanciña:  
*Con esta miña gaitiña  
ás nenas hei de enganar.*

Sempre pola vila entraba  
con aquel de señorío;  
sempre con puxante brío  
co tambor se acompasaba;  
e se na gaita sopraba,  
era tan doce soprar,  
que ben fixera en cantar  
aló pola mañanciña:  
*Con esta miña gaitiña  
ás nenas hei de enganar.*



O gaitero, óleo de Luís Seoane, 1950

# COMPREENSIÓN



1. Como ía vestido o gaiteiro?

---

2. Como era? Arrodea.

**ALTO CARIÑOSO RÁPIDO FALANGUEIRO TRANGALLEIRO**

3. Que tiña por costume cantar pola mañanciña?

---

---

4. Completa estes versos coas palabras do recadro.

**MOZOS FALANGUEIRO CUMPRIDO PANO REPOLUDO**


Un \_\_\_\_\_ gaiteiro  
de \_\_\_\_\_ sedán vestido,  
como un príncipe \_\_\_\_\_,  
cariñoso e \_\_\_\_\_,  
entre os \_\_\_\_\_ o primeiro.




Muiñeira, detalle da serigrafía de Luís Seoane, 1967

5. Que nome teñen cada unha das partes da gaita galega?


**PUNTEIRO    SOPRETE    RONCO    COPA**  
**FOL    FARRAPOS    RONQUETA**



6. Que outros instrumentos son de vento? Coloréaos.



7. Resolve o encrucillado con palabras que aparecen no poema.




### HORIZONTAIS

1. Instrumento musical de vento típico de Galicia.
2. Persoa moi sociable e faladora.
3. Poboación co tamaño entre unha cidade e unha aldea.
4. Instrumento de percusión, con caixa cilíndrica cuberta de pel e que se bate con dous paus, un en cada man.
5. Pano fino de seda.
6. Fillo do rei.
7. Botar aire pola boca facendo forza e estreitando os beizos.
8. Forza, ánimo.

1. GAITA 2. FALANGUEIRO 3. VILA 4. TAMBOR  
5. SEDÁN 6. PRÍNCIPE 7. SOPRAR 8. BRÍO

8. Localiza na sopa de letras as palabras do poema que aparecen no recadro. Olló! As palabras tamén están en diagonal.

REPOLUDO	SEDÁN	FALANGUEIRO	GAITA	VILAS
TAMBOR	BRÍO	NENAS	MOZOS	CARIÑOSO



9. Cal é o contrario? Relaciona.

ENTRABA

REPOLUDO

BRÍO

DOCE

MOZO

FALANGUEIRO

- ESVELTO
- CALADO
- AMARGO
- MOZA
- SAÍA
- DESÁNIMO

10. Serás quen de completar o estrofa do poema de Rosalía de Castro? Usa as palabras do recadro e fai unha ilustración.

**tolíñas    amores    mañanciñas    pensamento**  
**festas    enganar    tocar    risa    chorar    namoradas**

Nas \_\_\_\_\_, canto contento!  
Canta \_\_\_\_\_ nas fiadas!  
Todas, todas, \_\_\_\_\_,  
déránlle o seu \_\_\_\_\_;  
e el que de \_\_\_\_\_ sedento  
quixo a todas \_\_\_\_\_,  
cando as veu despois \_\_\_\_\_,  
cantaba nas \_\_\_\_\_:  
*Non sexan elas \_\_\_\_\_*  
*non veñan ao meu \_\_\_\_\_.*

